

Galicia en cifras. Anuario 2004

COMUNICADO

Continúa aumentando en Galicia o número de persoas que utilizan novas tecnoloxías

Novidades na última edición do anuario estatístico “Galicia en cifras. Anuario 2004”

Os datos sobre novas tecnoloxías, vítimas de malos tratos no ámbito familiar ou sobre o medio son un exemplo da incorporación de novas variables na obra que acaba de publicar o Instituto Galego de Estatística “Galicia en cifras. Anuario 2004”; novidades que se fan necesarias para medir os cambios da sociedade galega nos últimos anos.

Ferramentas que facilitan a interpretación da información estatística

O anuario baséase na publicación dos datos estatísticos en forma tabular organizada en 16 capítulos conxugando as dimensións territorial, temática e temporal.

No entanto, cada vez máis procúrase utilizar outro tipo de ferramentas que complementen e axuden á interpretación desta inxente cantidade de cifras. Deste xeito, atópanse, ademais das táboas, gráficos e mapas dos municipios galegos.

Esta edición impresa ven acompañada dun cd-rom que ademais de poder observar a información do formato papel en formato electrónico permite a consulta temática da información cunha retrospectiva máis longa no tempo a través dunha serie de táboas multidimensionais e dunha aplicación para a elaboración de táboas personalizadas.


Aumenta o número de toneladas de residuos urbanos de recollida selectiva en Galicia entre os anos 2002 e 2003

Os residuos urbanos recollidos selectivamente aumentaron en 36.287 toneladas entre os anos 2002 e 2003, supoñendo un total de 166.908 toneladas no ano 2003. Destacan o papel e o cartón como os materiais dos que máis selección se fixo en Galicia no ano 2003: seleccionáronse unhas 43.143 toneladas. O sistema de recollida de residuos urbanos mesturados presenta para este mesmo ano a cifra de 1.590.011 toneladas.

Segundo a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible producíronse en Galicia 10.618 incendios no ano 2004, dos que un 62% tiveron lugar nas provincias de Ourense e Pontevedra.

19.366 inmigrantes de orixe estranxeiro compensan o crecemento vexetativo negativo no ano 2004

A poboación galega amosa un lixeiro incremento no ano 2005, 11.213 habitantes máis que no ano 2004. Son as provincias da Coruña e Pontevedra as que proporcionan dito incremento en detrimento das provincias do interior cun saldo poboacional negativo a 1 de xaneiro de 2005.




Galicia tivo no ano 2004 un saldo migratorio de 15.052 persoas; a inmigración de orixe estranxeira aporta a este saldo 19.366 persoas. Esta cifra vén compensar o crecemento vexetativo negativo da poboación para este mesmo ano que foi de - 7.682.

Aumenta a taxa de paro en Galicia no ano 2004 respecto ao ano anterior

Galicia presentaba no ano 2004 unha taxa de paro dun 13,6%, case un punto porcentual máis que no ano 2003. Por xénero, un 9,2% corresponde aos homes e un 19,3% ás mulleres. A xente moza é o colectivo máis afectado polo desemprego: a taxa de paro do grupo de idade de 16 a 19 anos é do 28% (un 45,6% no caso das mulleres e un 21,8% no caso dos homes) e a taxa para o grupo de idade de 20 a 24 anos é de 25,3% (un 34% correspóndelles ás mulleres e un 18,3% aos homes).

Respecto á poboación ocupada en Galicia para o ano 2004 máis da metade da poboación pertence ao sector servizos (57,3%), arredor dunhas 621 mil persoas estaban ocupadas neste sector. Este sector vén seguido en número polo sector industrial (19,1%), logo polo sector da construción (12,1%) e, por último, polo sector agrícola e pesqueiro (11,5%).



No ano 2003 Galicia produciu 2.221.551 miles de litros de leite

No ano 2004 a pesca desembarcada en Galicia para a produción en primeira venda foi de 151.246.799 quilogramos o que supón unha porcentaxe de crecemento dun 5,9% dende o ano 2001. No ano 2003 a pesca total capturada nos portos de titularidade estatal e das comunidades autónomas foi de 340.594 toneladas, das cales 159.802 pertencen á pesca conxelada e 178.528 á pesca fresca.

No ano 2003 Galicia produciu 2.221.551 miles de litros de leite, produción que decreceu nun 4% respecto ao ano anterior.

Segundo a Consellería do Medio Rural a renda agraria galega para o ano 2002 foi duns 1.049.672 miles de euros, case un 4% inferior á do ano 2001. Por provincias, é Pontevedra a que ten a renda agraria máis alta e Ourense a máis baixa.

No ano 2004 entraron nos establecementos hoteleiros e de turismo rural galegos 3.838.646 viaxeiros

O número de viaxeiros entrados nos establecementos hoteleiros e de turismo rural foi de 3.838.646 viaxeiros no ano 2004, o que supón un crecemento dun 20,9% respecto ao ano anterior. Nas casas de turismo rural o grao de ocupación anual foi de 18,46 e a estadía media anual dos viaxeiros entrados foi de 2,11 días. Os viaxeiros que pernoitaron nos establecementos hoteleiros galegos de 3 ou máis estrelas fixeron un gasto diario total de 142,61 euros, un 3,3% máis que o ano anterior.

A xuventude galega foi a que máis utilizou novas tecnoloxías no ano 2004

No ano 2005 o 43,21% das vivendas galegas contaba con algún tipo de ordenador e un 21,97% dispoñían de acceso a internet. Segundo a Enquisa de Condicións de Vida das Familias a utilización das novas tecnoloxías por parte da poboación galega maior de 5 anos


segue en aumento; no ano 2004 un 55,01% utilizaron teléfono móbil, un 33,94% utilizaron ordenador e un 24,39% conectáronse a internet.

Os mozos galegos de entre 15 e 29 anos son os que máis utilizaron novas tecnoloxías no ano 2004; por exemplo, o 75,44% dos mozos con idades comprendidas entre os 15 e os 19 anos foron usuarios de ordenador e un 59,97% conectáronse a internet. As porcentaxes máis baixas pertencen ao grupo de idade das persoas de 55 e máis anos: un 21,9 % utilizaron teléfono móbil, un 5,92% utilizaron ordenador e un 4,35% conectáronse a internet.

Respecto á utilización das novas tecnoloxías por sectores de actividade é o sector servizos o que presenta as taxas máis altas de utilización de novas tecnoloxías, ao contrario do sector agrícola que presenta as taxas máis baixas. Das persoas ocupadas no sector servizos un 80,13% utilizaron teléfono móbil fronte ao 49,93% do sector agrícola; un 53,82% utilizaron ordenador fronte ao 11,82% do sector da agricultura e un 41,87% conectáronse a internet fronte ao 6,48% do sector agrícola.

O número de vítimas de malos tratos no ámbito familiar segue en aumento dende o ano 2000.

4.876 foron as vítimas de malos tratos no ámbito familiar no ano 2004 en Galicia, das que 3.564 foron mulleres e 1.312 foron homes. Por outra banda, se maioritariamente no caso das mulleres a persoa causante de maltrato é o cónxuxe, 2.464 vítimas, no caso dos homes son outras persoas diferentes ao cónxuxe as causantes do maltrato, 842 vítimas.



Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es